

# Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta da sesión ordinaria da Comisión  
de Calidade  
27 de outubro de 2017**

**Asistentes:****Presidencia**

Luis Alonso Bacigalupe

**Secretaría**

Susana Rodríguez Barcia

**Enlace de igualdade**

Maribel del Pozo Triviño

**Membros da CC****PDI**

Jorge Figueroa Dorrego

Carme Luna Sellés

José Montero Reguera

Rosalía Rodríguez Vázquez

Veljka Ruzicka Kenfel

Elena Sánchez Trigo

Eduardo Varela Bravo

**Sector PAS**

Sen representante

**Desculpan**

Lourdes Lorenzo García

Ana Luna Alonso

Ana María Pereira Rodríguez

Antonio Rifón Sánchez

José Yuste Frías

**Non asisten**

Inmaculada Báez Montero

Xosé Henrique Costas

Miguel Cuevas Alonso

Julián Rial Lago

Cristina López Pais

Raquel Pereira Romasanta

(sector alumnado)

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 27 de outubro de 2017 na Sala de Xuntas da Facultade.

Ábrese a sesión ás 11:09 h

**ORDE DO DÍA****1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión de Calidade celebrada o 21 de setembro de 2017.**

Apróbase por asentimento.

**2. Informe do decano.**

A Vicedecana de Calidade informa sobre a dispoñibilidade das taxas correspondentes ao curso 2016-17 sobre as que é preciso reflexionar para realizar os informes de seguimento e o Informe de Revisión pola Dirección do curso 16-17.

**3. Aprobación, se procede, do documento "Política e obxectivos de Calidade do Centro", anexo ao Manual de Calidade da FFT, para o curso 2017-18.**

Tras un pequeno resumo de novidades realizado polo decano —no que sinala que se aumentaron, en xeral, as metas (especialmente a de ocupación dos títulos) —, apróbase por asentimento.

**4. Consulta aos membros da Comisión de Calidade sobre a interpretación dos artigos 4.5. e 5.3. do Regulamento de Traballo Fin de Grao da FFT.**

En primeiro lugar, aclárase que non se trata de abrir unha modificación no regulamento, senón de reflexionar sobre os artigos indicados. Lévese esta reflexión á comisión de calidade por ser esta a encargada da redacción do regulamento. Unha vez lidos os artigos correspondentes, o conxunto da comisión considera que a interpretación é evidente: deben ofrecerse 3 traballos de nova matrícula cada curso académico e esta asignación ten validez por dous anos. Isto supón que nun mesmo curso pódense acumular ata 6 TFG, pois poden quedar pendentes os asignados o ano anterior.

Ao fío da interpretación de artigos, tamén se comentan distintos problemas que implica a asignación equitativa do volumen de TFG.

**5. Reflexión e valoración do desenvolvemento de graos e mestrados durante o curso 2016-17 para a elaboración do Informe de Revisión pola Dirección.**

A vicedecana de calidade comenta que este ano vaise retrasar a realización do informe e que, ademais, a Área Departamental está a reunir todas as taxas de cada título, que serán enviadas a mediados do mes de novembro para proceder á reflexión concreta sobre cada ítem.

Posto que están presentes o Coordinador do Mestrado en Estudos Ingleses Avanzados (Jorge Figueroa Dorrego) e o Coordinador do Grao en Linguas Estranxeiras (Eduardo Varela), propónse aos coordinadores que fagan unha valoración xeral do desenvolvemento dos títulos no curso 16-17.

O profesor Figueroa Dorrego apunta como aspectos positivos ao longo do curso 16-17 o feito de superar o proceso de Acreditación do título, cunha cualificación global moi positiva. Comenta que está moi satisfeito co bo funcionamento xeral do mestrado e coa taxa de ocupación, xa que conta con máis de 35 novas matrículas por curso académico (é un mestrado interuniversitario). Ademais, as enquisas son moi positivas en canto á satisfacción por parte do alumnado. Entre os aspectos negativos destaca o feito de que, pola grande oferta de mestrados que hai en Vigo e o carácter práctico que orienta actualmente ao alumnado, o número de persoas matriculadas que proveñen da Universidade de Vigo é moi pequeno en comparación co do resto de universidades. Tamén sinala que no primeiro cuatrimestre do mestrado, o alumnado adoita incidir no carácter demasiado xeral da formación, na que se mestura lingua e literatura. Por parte do profesorado, as queixas máis frecuentes adoitan ser relativas á saturación de docencia e pouco recoñecemento en POD.

O coordinador do Grao en Linguas Estranxeiras, Eduardo Varela, comenta que en xeral o desenvolvemento no 16-17 foi satisfactorio, e que comentará os aspectos menos positivos. Neste sentido, entre os aspectos máis negativos destaca a elevada taxa de abandono do grao (un 40%) e o gran número de TFG pendentes de defenderse, que provocan unha acumulación aos docentes. Os puntos febles son os relativos a aspectos organizativos, sobre todo os sistemas de avaliación que recollen algunhas guías docentes. Por outra banda, as baixas de persoal no departamento de FIFA tamén contribuíron a xerar algunhas queixas entre o alumnado e algún problema de organización, todos resoltos satisfactoriamente. Finalmente, entre as queixas comúns entre o alumnado destaca o exceso de formación teórica sobre a práctica.

Todas estas reflexións, xunto coa análise polo miúdo de cada taxa e indicador, serán recollidas no Informe de Revisión pola Dirección correspondente ao curso 2016-17.



**6. Rolda aberta de intervencións.**

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:15 h.


Vigo, 27 de outubro de 2017

Visto e prace do Decano

A secretaria (Vicedecana de  
Calidade)



Luis Alonso Bacigalupe



Susana Rodríguez Barcia

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada,  
sen alegacións, na reunión ordinaria da Comisión de Calidade  
celebrada o día 20 de novembro de 2017.



A Vicedecana de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución

Susana Rodríguez Barcia

## ANEXOS

### **1. Anexo ao Manual de Calidade da FFT: “Política e Obxectivos de Calidade 17-18”.**

## *Anexo 2: Política e Obxectivos de Calidade do Centro*

### **Política de Calidade do Centro**

A política de calidade da FFT concede especial importancia á satisfacción de alumnado, profesorado e persoal de administración como integrantes fundamentais do centro. Nese sentido, a nova política de calidade dirixese principalmente a acadar o cumprimento das expectativas formativas das súas egresadas e egresados e o seu recoñecemento nos ámbitos académicos, profesionais e sociais. Tamén busca satisfacer as demandas do profesorado no que respecta á xestión eficaz dos procedementos vinculados coa calidade. Para iso existe o compromiso de empregar todos os recursos humanos e materiais dispoñibles dentro do cumprimento da normativa vixente e en coherencia cos criterios e coas directrices establecidos. Así establécense as seguintes liñas xerais que constitúen a política de calidade do centro:

- Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, ás necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas súas titulacións, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento, do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión.
- Mediar eficazmente entre os grupos de interese do centro, especialmente entre alumnado e profesorado, co fin de mellorar a docencia e de acadar a satisfacción por parte de ambos grupos.
- Alcanzar a consecución das metas de calidade establecidas anualmente polo centro e asociadas a indicadores académicos.
- Facilitar a xestión dos procedementos de calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e do alumnado.
- Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do sistema de garantía interna de calidade (SGIC) como de todos os procesos vinculados coa calidade que afectan ao centro e ás súas titulacións.
- Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia de coñecemento con perspectiva de xénero para eliminar os obstáculos que impiden unha igualdade real entre as mulleres e os homes.

- Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia de coñecemento que teña en conta a diversidade funcional para eliminar os obstáculos que impiden unha igualdade real ás persoas con necesidades especiais.
- Acadar un compromiso permanente de mellora continua, e propoñer e levar a cabo as accións necesarias para o mantemento e mellora da calidade no centro.

## Obxectivos de Calidade do Centro

Procesos/ Procedementos	Obxectivos	Indicadores (incluídos no panel de indicadores do SGIC)	Meta
<b>AC- Xestión académica</b> <i>PC04 Selección-admisión e matriculación de estudantes</i>	Adaptar a oferta formativa á demanda sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade.	Evolución do estudiantado matriculado en cada curso académico	Graos e mestrados: Manter ou incrementar o número de estudiantado matriculado.
	Adaptar o perfil de ingreso do alumnado ao perfil requirido.	Ocupación da titulación	100%-105%
	Captar un volume de estudiantado axustado á oferta de prazas.	Preferencia (Porcentaxe de alumnado inscrito como primeira opción)	90>100%
	Divulgar a oferta formativa.	Adecuación (Porcentaxe de alumnado matriculado na súa primeira opción)	70>80%
<b>DO- Docencia</b> <i>DO-202 Promoción das titulacións</i>	Mellorar os resultados académicos das titulacións	Nota media de acceso do estudiantado ás titulacións	7>8,5 <sup>1</sup>
		Duración media dos estudos	Grao: 4-5 anos >5. Mestrado: 1 -1,5 ano.
		Taxa de rendemento	>80%
		Taxa de abandono	Grao:<15% Mestrado:<5%
<b>DO-Docencia</b> <i>D01 - Xestión dos programas formativos</i>	Xestionar de forma efectiva os programas formativos	Taxa de eficiencia	90%
		Taxa de graduación	90%
		Taxa de éxito	80%
<b>DO-Docencia</b> <i>D01 - Xestión dos programas formativos</i>	Xestionar de forma efectiva os programas formativos	Seguimento das titulacións	100%
		Acreditación das titulacións	100%

<sup>1</sup> Segundo o sistema actual.



<b>PE-Xestión de persoal</b>	Mellorar a cualificación do PDI e do PAS	Cualificación do PDI (porcentaxe PDI co grao de Doutor/a sobre o total de PDI) Resultados de investigación de carácter académico (relación entre número de sexenios obtidos polo PDI doutor/a sobre o número de sexenios potenciais) % de PAS en programas de formación	Grao e Mestrado:70-80%  >70%  >80%
<b>MC- Xestión da Calidade e Mellora Continua</b>  <i>MC05 Satisfacción das usuarias e usuarios</i>	Mellorar a satisfacción dos grupos de interese	Grao de satisfacción das persoas tituladas  Grao de satisfacción das entidades empregadoras  Grao de satisfacción do profesorado  Grao de satisfacción do alumnado	>3,5 sobre 5  >3 sobre 5  3,5 sobre 5  3 sobre 5
<b>DE- Dirección Estratéxica</b>	Certificación da implantación do sistema de calidade do centro	Certificación da implantación de sistemas de calidade	Manter a certificación

\*Nota: No seguinte cadro recóllese unha lista de obxectivos de calidade institucionais. Cada centro deberá aliñalos coa política de calidade e coas liñas estratéxicas, establecendo as metas oportunas en cada caso.

O centro poderá así mesmo determinar outros obxectivos adicionais a condición de que asegure que cumpran cos criterios de concreción, medición e realismo, xestionándose segundo o establecido no procedemento DE-01 P1 Planificación e desenvolvemento estratéxico

